-Anexo 1 do Regulamento 800/2008, do 6 de agosto de 2008 (RSEC)

Así: A empresa pode ser: unha autoridade ou empresa pública, unha empresa comercial, unha asociación, unha organización non gubernamental, etc., en tanto exerce regularmente unha actividade económica

A noción de axuda de estado

b-Selectividade

Selectividade sectorial ou xeográfica

Débese considerar:

Se a vantaxe concedida é selectiva (a certas empresas ou a certas producións) (Á diferenza dunha medida xeral para o estado membro)

A selectividade pode igualmente consistir na utilización dos resultados do proxecto que poderían ser utilizados polas empresas

A non selectividade fai referencia ás medidas xerais* aplicables a todas as empresas automaticamente sen discriminación (Ex: imposto sobre sociedades.)

A noción de axuda de estado

c/d-Afectar aos intercambios e falsear* a competencia (1)

As axudas deben ter un impacto potencial sobre os intercambios entre os Estados membros

Cando o beneficiario realiza unha actividade económica nun mercado no cal se producen intercambios cos estados membros

A natureza do beneficiario non é o criterio determinante

A competencia debe ser falseada real ou potencialmente

“ axudas... que falseen ou ameacen falsear a competencia...”

O pequeno tamaño das empresas ou o pequeno importe da axuda non exclúen, en principio*, a presenza dunha distorsión.

(Por disposición dos regulamentos, considérase que *as axudas de minimis* non afectan á competencia e aos intercambios entre Estados membros.)

A noción de axuda de estado

c/d-Afectar aos intercambios e falsear a competencia (2)

- Non se inclurían as actividades puramente locais.
- O comercio intracomunitario pode igualmente ser afectado polas axudas outorgadas polos Estados membros a empresas fóra da UE (proxectos que inclúan a terceiros países).
- Non obstante, na práctica é necesario verificar:
 - Que as medidas non afectan aos intercambios entre Estados membros, por exemplo, favorecendo a certas empresas de países terceiros, en detrimento das empresas europeas
 - Que non hai unha axuda á exportación nin unha axuda ligada ás cantidades exportadas, ou ás redes de distribución.

As axudas de estado deben ser legais:

- Son aprobadas pola Comisión sobre a base dunha notificación Art. 88.3 TCE (108.3 TFUE),
 - Os Estados deben notificar as disposicións de axuda.
 - A Comisión decide soberanamente sobre a aprobación das axudas notificadas: declaración de compatibilidade.
- Poden estar exentas do requisito de notificación; por disposición do RXEC, ou doutros regulamentos de exención,
 - Nese caso, os Estados deben informar/comunicar á **Comisión** a posta en práctica dos réximes de axudas.
- Constituen unha axuda existente legal* (apartado b), artigo 1 do Regulamento (CE) nº 659/1999 do Consello, do 22 de marzo)
 - Por exemplo, réximes de axuda e axudas individuais autorizadas pola Comisión ou polo Consello...)

O Control das axudas de estado na xestión dos fondos estruturais

O Estado membro é o responsable.

A Comisión intervirá:

- No caso de falta (ou insuficiencia) do sistema de xestión e de control sobre as axudas de estado, especialmente na provisión dos informes anuais.
- Cando o Estado non se asegure da conformidade do proxecto coas regras en materia de axudas de estado, particularmente, se a autoridade de certificación négase a certificar a conformidade do réxime coas políticas comunitarias de aplicación.
- Cando a autoridade de control manifesta dúbidas sobre a legalidade das operacións ou sobre a eficacia do sistema de xestión e de control.
- En caso de denuncias (ou queixas).

As axudas de estado e os programas operativos

Obriga de respectar as normas sobre axudas de estado de conformidade coa propia normativa sobre fondos comunitarios:

(Tratado: Principio xeral de prohibición das axudas -Art. 107 TFUE-)

- Rº (CE) 1083/2006, Regulamento xeral fondos:

Todas as operacións financiadas polos fondos estruturais deben respetar as regras de competencia (axudas de Estado)

As autoridades de xestión e de certificación son responsables da verificación da conformidade das intervencións coas políticas comunitarias (entre as cales, está a política de competencia)

-Cláusula estándar nos Programas Operativos e nas Decisións da Comisión Europea que os aproban (Feder*, FSE*...):

“Todas as axudas públicas outorgadas no cadro deste programa deben ser conformes coas regras de fondo e de procedemento relativas ás axudas de Estado en vigor no momento da concesión da axuda ao beneficiario.”

Axudas de estado: razoamento previo

¿Existen, en principio, os elementos dunha axuda de estado?

En caso afirmativo, ¿A axuda está cuberta por un réxime existente?

En caso negativo, ¿A axuda pode entrar nun réxime “de minimis”?

En caso negativo/ou alternativamente*, ¿A axuda pode ser sometida a un réxime baseado no Regulamento Xeral de Exención, ou noutra norma comunitaria de exención?

En caso negativo, ¿A axuda é notificable?

A axuda pode ser autorizada pola Comisión: e necesario que se someta a unha base normativa comunitaria (encadramentos, liñas directrices, marcos comunitarios..., por exemplo: directrices de axudas de finalidade rexional, directrices de axudas para o medio ambiente, marco comunitario de axudas de I+D+i ...)

3 As axudas de estado.

- ***As axudas de mínimos***

- O Regulamento Xeral de Exención por Categorías ([comunicación](#) de axudas horizontais)

As axudas de minimis

*As axudas que non superan un determinado umbral cuantitativo nun periodo de tempo determinado, son “***axuda de minimis***”

Non constitúen axudas de Estado no sentido do Artigo 107.1

TFUE. (Presunción de que non se produce ningún efecto sobre os intercambios e a libre competencia intracomunitarios.)

→ Polo tanto, non están sometidas a notificación previa nin a comunicación tras a súa aprobación.

REGULAMENTO (CE) 1998/2006 DA COMISIÓN, DE 15 DE DECEMBRO DE 2006, RELATIVO Á APLICACIÓN DOS ARTIGOS 87 E 88 DO TRATADO ÁS AXUDAS DE MINIMIS

As subvencións a conceder con cargo a este Regulamento non constitúen axudas de Estado e quedan exentas das obrigas de notificación previa e de comunicación á Comisión Europea.

LÍMITE MÁXIMO DE AXUDA

200.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais (100.000 € para as empresas que operen no sector de transporte por estrada)

Estes límites máximos **aplicanse a** todo o conxunto de axudas recibidas en concepto de minimis pola empresa, independentemente da forma en que se outorguen ou do obxectivo perseguido.

Antes de conceder a axuda, solicitarase da empresa unha **declaración escrita ou en soporte electrónico, sobre calquera outra axuda de minimis recibida** durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso

Informarase por escrito ao posible beneficiario sobre o importe da axuda (expresado en equivalente bruto de subvención) e sobre o seu carácter de minimis, facendo unha referencia expresa e completa ao Regulamento (CE) Nº 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de mínimos (DOUE L 379/5, do 28.12.2006)

REGULAMENTOS SECTORIAIS DE MINIMIS

REGULAMENTO (CE) 1535/2007 DA COMISIÓN, DE 20 DE DECEMBRO DE 2007 RELATIVO Á APLICACIÓN DOS ARTIGOS 87 E 88 DO TRATADO ÁS AXUDAS DE MINIMIS **NO SECTOR DA PRODUCCIÓN DE PRODUTOS AGRÍCOLAS**

LÍMITE MÁXIMO DE AXUDA

7.500 € durante calquera período de tres exercicios fiscais

REGULAMENTO (CE) 875/2007 DA COMISIÓN, DE 24 DE XULLO DE 2007, RELATIVO Á APLICACIÓN DOS ARTIGOS 87 E 88 DO TRATADO ÁS AXUDAS DE MINIMIS **NO SECTOR PESQUEIRO**

LÍMITE MÁXIMO DE AXUDA

30.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais

Réxime **xeral** de *minimis*

- **Ambito de aplicación** do Regulamento (CE) N° 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás *axudas de mínimis*, (DOUE L 379/5, do 28.12.2006)
(artigo1):

Aplícase ás axudas concedidas ás empresas de todos os sectores

excepción de:

- a) a axuda concedida ás **empresas que operan nos sectores da pesca e a acuicultura** (regulamento *mínimis* específico)
- b) a axuda concedida ás **empresas que operan na produción primaria dos produtos agrícolas** que figuran na lista do anexo I do Tratado.
- c) a axuda concedida ás **empresas que operan na transformación e comercialización dos produtos agrícolas** que figuran na lista do anexo I do Tratado, en determinados casos.
- d) a axuda a actividades relacionadas coa exportación
- e) a axuda subordinada a un uso de bens nacionais con preferencia sobre os bens importados;
- f) a axuda concedida a empresas activas no sector do carbón
- g), e h) a axuda concedida a empresas en crise e outras.

Réxime xeral *de minimis*

Criterios (artigo 2)

Cita do regulamento de exención.

Umbrais “*de minimis*”:

-Menor ou igual a

-**200.000 €** (Equivalente bruto de subvención) por empresa durante 3 exercicios fiscais (actual e 2 anteriores) **100.000 €** no transporte terrestre (regulamento xeral)

-30.000 € (para a pesca e a acuicultura)

-7.500 € (para a produción agraria)

Réxime xeral de *minimis*

Concesión e seguemento

O estado debe verificar que as axudas *de minimis* que concede non conducen a sobrepasar o umbral de 200.000 €* en tres exercicios fiscais consecutivos.

*(ou cantidade que corresponda, segundo regulamentos *de mínimos*)

O control cuantitativo pode ser exercido de dúas formas:

- Un **rexistro* nacional de axudas** *de minimis* a nivel do Estado, (difícil)

- O Estado (autoridade que concede a axuda) **informa á empresa** do carácter “*de minimis*” da axuda, **e solicita unha declaración** á empresa sobre as axudas recibidas durante os tres exercicios fiscais (actual e dous anteriores)

O Estado membro é o responsable das medidas de control*

Réxime xeral *de minimis*

Acumulación (artigo 2. 5)

Axudas de mínimos.

Axuda “*de minimis*” + outra axuda, sobre os mesmos custos elixibles, non deben sobrepasar a porcentaxe fixada polo regulamento comunitario ou aprobada por decisión nun réxime de axuda.

Calquera que sexa a orixe dos fondos públicos.

O Estado debe poñer en práctica os sistemas que garanticen o respecto das regras de acumulación.

Se o montante supera o umbral de 200.000 €, (ou o que corresponda) toda a axuda é incompatible.

DECISION C (2009)4558 DE 08.06.2009

Ayuda de Estado nº N 307/2009 España

Regimen temporal de ayuda para conceder cantidades limitadas de ayuda compatible al amparo del Marco Temporal

4.2 Límite compatible del importe de ayuda

- La ayuda no supera una subvención en metálico de 500 000€* (2008-2010) por empresa; todas las cifras utilizadas deberán constituir importes brutos, es decir, antes de impuestos y otras retenciones; cuando la ayuda se conceda en otra forma que no sea una subvención, su importe será el equivalente en subvención bruta;
- La ayuda se concede en forma de régimen;
- La ayuda se concede sólo a empresas que no estaban en crisis (17) el 1 de julio de 2008; puede aplicarse a empresas que no lo estaban en esa fecha, pero que han empezado a estarlo después como consecuencia de la crisis económica y financiera;
- El régimen de ayudas no podrá beneficiar a empresas activas en el sector de la pesca;
- La ayuda no se aplica a la exportación ni a ayudas que favorezcan a productos nacionales frente a productos importados;
- La ayuda se concede como máximo hasta el 31 de diciembre de 2010;
- Antes de conceder la ayuda, las autoridades que la concedan obtendrán de las empresas interesadas una declaración relativa a las demás ayudas de minimis (según se definen en el Reglamento de la Comisión sobre las ayudas de minimis, o a la ayuda concedida con arreglo a esta medida durante el ejercicio fiscal en curso (sección 4.2.2.g), primera frase);
- Aplicación condicionada a las empresas especializadas en la transformación y comercialización de productos agrícolas.

* 15.000€ para las ayudas a empresas dedicadas a la producción primaria de productos agrícolas. (2009/C 261/02)

Comunicación da Comisión (2009/C 16/01) relativa ao **Marco Temporal** comunitario aplicable ás Medidas de axuda Estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira.

O Marco Temporal contemplado no “Plan de recuperación da economía europea” adoptado pola Comisión Europea con data 26/11/2008 (que é, en termos xurídicos, unha Comunicación) e non posúe a forza xurídica necesaria para alterar o contido do Regulamento (CE) 1998/2006 relativo ás axudas de minimis, nin os demais Regulamentos relativos ás axudas de Estado.

2) Entre as novas axudas que se prevén na citada comunicación, **as axudas a conceder ao abeiro do punto 4.2.2 da comunicación (2009/C 16/01) non deben considerarse, en sentido estrito, axudas de minimis**. Mentres que as axudas de minimis, dada a súa escasa contía, non están suxeitas ao disposto polo artigo 87.1 do Tratado CE, e non precisan de autorización previa da Comisión, a nova medida contemplada no dito punto 4.2.2, contén todos os elementos que, segundo o artigo 87.1 do Tratado, definen a unha axuda de Estado. Por esta razón, e dun xeito transitorio (2008-2010), en principio, **poderíase autorizar un novo réxime de axuda de ata 500.000 euros nos exercicios 2008-2009-2010, ao amparo do disposto no punto b) do artigo 87.3, que establece:...**“poderán ser compatibles co mercado común as axudas destinadas a poñer remedio a unha grave perturbación na economía dun Estado membro”.

3) Os novos instrumentos de axuda regulados pola Comunicación (2009/C 16/01) non son, polo tanto, susceptibles de seren aplicados directamente por parte dos diferentes estados membros, estando suxeitos ao procedemento de notificación previa establecido no punto 5.2 desta disposición.

4) **Dado que as medidas introducidas no artigo 4.2.2 da Comunicación (2009/C 16/01) se amparan na exención prevista no artigo 87.3.b), o cal fai referencia a unha grave perturbación da economía dun Estado Membro**, a Comisión adoptou o criterio de que sexan os diferentes estados, e non as rexións, os responsables de realizar unha notificación previa única para cada país, na que se poderá xustificar a adecuación do réxime comunicado á finalidade de remediar unha grave perturbación da economía española, entendida no seu conxunto.

5) Deste xeito, **os novos instrumentos regulados pola Comunicación (2009/C 16/01) non poderán ser executados ata que a Comisión autorice o réxime de axuda estatal que, no seu caso, notifique o administración xeral do estado ao abeiro desta Comunicación. A aprobación do novo réxime de axuda concretará, de ser o caso, os termos e condicións nos que a axuda se entenderá compatible co mercado común.**

*** Comunicación da Comisión (2011/C 6/05) **Marco Temporal** da Unión aplicable ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira. DOUE 21.1.2011)**

REGULAMENTO XERAL DE EXENCIÓN POR CATEGORÍAS

REGULAMENTO (CE) 800/2008 DA COMISIÓN, DO 6 DE AGOSTO DE 2008, POLO QUE SE DECLARAN DETERMINADAS CATEGORÍAS DE AXUDA COMPATIBLES CO MERCADO COMÚN EN APLICACIÓN DOS ARTIGOS 87 E 88 DO TRATADO (REGULAMENTO XERAL DE EXENCIÓN POR CATEGORÍAS).

CONTIDOS		ARTIGO
ÁMBITO DE APLICACIÓN		1
DEFINICIÓNS		2
REQUISITOS XERAIS (Artigos 3-10)	CONDICIÓNS XERAIS DE EXENCIÓN	3
	INTENSIDADE DA AXUDA E CUSTOS SUBVENCIONABLES	4
	TRANSPARENCIA	5
	UMBRAIS DE NOTIFICACIÓN INDIVIDUAL	6
	ACUMULACIÓN	7
	EFECTO INCENTIVADOR	8
	COMUNICACIÓN	9
	CONTROL	10
INFORME ANUAL		11
REQUISITOS ESPECÍFICOS POR CATEGORÍAS DE AXUDA (Artigos 13-42)	AXUDAS REXIONAIS	13-14
	AXUDAS PARA A PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE	17-25
	AXUDAS ÁS PEMES PARA SERVIZOS DE CONSULTORÍA E PARTICIPACIÓN EN FEIRAS COMERCIAIS	26-27
	AXUDAS EN FORMAS DE CAPITAL RISCO	28-29
	AXUDAS DE I+D+i	30-37
	AXUDAS Á FORMACIÓN	38-39
	AXUDAS A FAVOR DE TRABALLADORES DESFAVORECIDOS E DISCAPACITADOS	40-42
DISPOSICIÓNS FINAIS. ANEXOS		43-45

3 As axudas de estado.

- *As axudas de mínimos*

- O Regulamento Xeral de Exención por Categorías (**comunicación** de axudas horizontais)

Regulamento Xeral de Exención por Categorías (RXEC)

**O Regulamento (CE) N° 800/2008, de 6 de agosto de 2008,
(DOUE L 214/3, do 9.8.2008)**

Contexto:

Plan de acción sobre as axudas de estado 2005-2009

Modernizar a política das axudas de estado; estratexia de Lisboa;

Reforma do control das axudas

Menos axudas pero mellor dirixidas

Achegamento a unha perspectiva económica

Procedementos mellorados e máis transparentes

A responsabilidade compartida cos Estados membros

Reempraza aos antigos regulamentos existentes (PEMES, Axudas de finalidade rexional, Formación, Emprego)

Cubre os réximes de axuda e as axudas individuais*(salvo notificables artigo 6)

(RXEC) – Categorías por seccións (artigos 13-42)

Axudas de finalidade rexional

Investimento e emprego

Creación de novas empresas

PEMES

Investimento e emprego

Consultoría e participación en feiras

Creación de empresas polas mulleres emprendedoras

Medio ambiente

Capital Risco

I+D+i

Formación

Contratación de traballadores desfavorecidos e discapacitados

(RXEC) – Condicións de exención

-Exclusións sectoriais e outras (artigo 1)

Exportacións

Axudas ad hoc ás grandes empresas

Empresas con orde de recuperación de axudas (cláusula Deggendorf)

Empresas en crise, etc

-Condicións para a exención: [referencia ao Regulamento](#) (artigo 3)

-Cálculo da intensidade de axuda (artigo 4):

En equivalente de subvención

Tendo en conta a periodificación das achegas ao longo do tempo.

-Aplicación únicamente ás axudas transparentes (artigo 5)

(RXEC) - Umbrais de notificación (artigo 6)

-Umbrais de notificación individual: o RXEC non se aplica a:

-”as axudas individuais, concedidas en aplicación dun réxime de axudas ou como axudas «ad hoc», cuyo equivalente en subvención bruta supere os umbrais seguintes”*:

*(O regulamento indica umbrais concretos, en €, para cada categoría de axuda.)

(RXEC) – Acumulación (artigo 7)

2. Unha axuda exenta en virtude do presente Regulamento:

-poderá acumularse con calquera outra axuda exenta en virtude do presente Regulamento sempre que ditas medidas de axuda **se refiran a costes subvencionables identificables diferentes.**

3. Unha axuda exenta en virtude do presente Regulamento,

-non se acumulará

con ningunha outra axuda exenta en virtude do presente Regulamento,
ou con ningunha ayuda «*de minimis*» que reúna as condicións establecidas no Regulamento (CE) N°. 1998/2006 ,
nin con ningunha outra financiación comunitaria correspondente (parcial ou totalmente) aos mesmos costes subvencionables

si tal acumulación supera a intensidade máis elevada ou o maior importe de axuda aplicable a dita axuda en virtude do presente Regulamento.

4. **No obstante...** (excepción axudas a favor de traballadores discapacitados)

(RXEC) – O efecto incentivador (artigo 8)

Derívase da análise económica*

E distinto para as PEMES e as grandes empresas:

PEMES → O efecto incentivador presuponse se as axudas son solicitadas antes da iniciación do proxecto

Grandes empresas: demostrar que a axuda é incentivadora (necesidade da axuda)

Regras particulares para:

As medidas fiscais

As axudas sociais

A redución de taxas medioambientais

O capital risco

(RXEC) - Transparencia (artigo 9)

As axudas poden ser concedidas se se respetan todas as condicións do Regulamento Xeral, e ademais, o Estado membro debe:

INFORMAR á Comisión (enviando un formulario nos 20 días seguintes á aprobación do réxime. Publicación*).

*(Presuposto comunicado. Variacións.)

*Non se produce aprobación por parte da Comisión (trátase de simple información ou comunicación, e non notificación previa.

Citar as referencias específicas do capítulo II do **Regulamento Xeral** no réxime de axuda.

Publicar o réxime en internet e mantelo durante a vixencia do réxime.

Hai algunhas regras específicas para as axudas aos proxectos I+D+i > 3 millóns € e para os grandes proxectos de investimentos encadrados nas axudas de finalidade rexional

(RXEC) – Control e Seguemento (Artigos 10 e 11)

Os Estados membros:

-levarán rexistros dos réximes de axudas e das axudas individuais exentos en virtude do presente Regulamento.

Estes rexistros conterán toda a información:

-necesaria para demostrar que se cumplen os requisitos establecidos no presente Regulamento,

-incluída a información sobre a condición de calquera empresa cuio dereito a beneficiarse de axudas ou bonificacións dependa da súa condición de pequena ou mediana empresa,

-a información sobre o efecto incentivador da axuda e

-a información que permita determinar o importe exacto dos costes subvencionables aos efectos da aplicación deste Regulamento.

Os **rexistros relativos ás axudas individuais** conservaranse durante **10 anos** a partires da data de concesión da axuda.

Os **rexistros relativos aos réximes de axudas** conservaranse durante **10 anos** a partires da data de concesión da derradeira axuda en aplicación do dito réxime.

***O informe anual** a transmitir á Comisión; e unha condición de validez.



1 *Introdución:* a normativa básica de axudas públicas (axudas de Estado)

2 Informe previo de coherencia e compatibilidade das axudas.

3 As axudas “de mínimos”. Os regulamentos de exención. (Comunicación)

- *As axudas de mínimos*

- O Regulamento Xeral de Exención por Categorías (comunicación de axudas horizontais)

4 A notificación previa. Exemplos e casos prácticos.

O procedemento de notificación previa (1)

- As autoridades nacionais preparan un formulario de notificación: (regulamento de procedemento)

(En Galicia: Xestor>DXPF>DXRE e AE)

As autoridades nacionais (MAEC) dirixen a notificación á Comisión Europea pola aplicación informática SANI, via representación permanente de España ante a UE (REPER)

- A Comisión Europea dispón de 2 meses* para examinar a axuda e:

Declarar que non existe axuda

Non poñer obxeccións (aprobar)

Iniciar un procedemento de exame

Tomar unha decisión negativa

(Na práctica, de 3 a 6 meses a media de duración do procedemento.)

- Outras posibilidades:

Notificación por seguridade xurídica

Pre-notificación

O procedemento de notificación previa (2)

Condicionamento de subvencións en trámite de NOTIFICACIÓN

Art. 17.4 (RLSG) **O pagamento da subvención estará en todo caso condicionado** a que os órganos competentes da Unión Europea adoptasen unha **decisión** de non formular obxeccións a esta ou declarasen a subvención compatible co mercado común e **nos termos en que a dita declaración se realice, extremo este que deberá constar no acto administrativo de concesión.**

Art. 17.5 (RLSG) Igualmente, cando os órganos da **Unión Europea** condicionasen a decisión de compatibilidade establecendo **esixencias ou requisitos** cuxo cumprimento puidese verse afectado pola actuación do beneficiario, as condicións establecidas **deberán trasladarse ao beneficiario**, entendendo que son asumidas por este se no prazo de **dez días** desde a súa notificación non se producise a **renuncia** á subvención concedida.

NA NORMATIVA COMUNITARIA: artigo 3 do Regulamento (CE) N° 659/1999,

–CLÁUSULA DE EFECTO SUSPENSIVO–

“La ayuda que deba notificarse a tenor del art, 1.2 no podrá llevarse a efecto...

CIRCULAR 1 e 2*/2010

ANEXO. LISTA PREVIA DE COMPROBACIÓN

sobre elixibilidade inicial de axudas/subvencións

no Pograma Operativo FSE 2007-2013

En relación coa normativa de axudas de estado débese comprobar:

17. Cando se trate dunha axuda de estado xa notificada á CE, ¿consta tal indicación no texto/(expediente)? (Circular 2. s)
18. Cando a axuda de estado se acolle a un Regulamento de exención, ¿consta así expresamente indicado no texto, xunto coa información que no seu caso esixa o dito Regulamento? (Circular 2. t).
19. Cando a axuda que en principio cumpre os requisitos de axuda de estado se acolle a un/s Regulamento/s de “minimis”, ¿consta así expresamente indicado no texto, xunto coa información que no seu caso exixa o/s dito/s Regulamento/s? (Circular 2. u).
20. Cando se trate de axudas de estado que deban notificarse previamente á Comisión Europea, inclúense no texto as cláusulas “suspensiva” e “Deggendorf”, (Circular 2. w) e x).

***ANEXO. LISTA PREVIA DE COMPROBACIÓN
sobre elixibilidade inicial de axudas/subvencións
no Pograma Operativo FSE 2007-2013***

En relación co punto 20 da Lista de comprobación:

20. Cando se trate de axudas de estado que deban notificarse previamente á Comisión Europea, inclúense no texto as cláusulas “suspensiva” e “Deggendorf”, (Circular 2. w) e x).

-Cláusula suspensiva: “O pagamento das axudas estará, en todo caso, condicionado a que os órganos competentes da Unión Europea adopten unha decisión de non formular obxeccións ou declaran a axuda compatible co mercado común e nos termos en que a devandita declaración se realice, aspecto este que deberá constar no acto administrativo de concesión.”

-Cláusula Deggendorf: Na comunicación á Comisión as autoridades españolas deberán comprometerse a no admitir ningunha solicitude de cualquier entidade establecida en (Galicia*) que non achegue una declaración xurada asinada polo seu representante manifestando na mesma que a entidade non accedeu a ningunha axuda declarada ilegal e incompatible pola Comisión o que, se a entidade tivera recibido tal tipo de axuda, que esta foi totalmente reembolsada ou depositada nunha conta bloqueada xunto cos intereses correspondentes.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Planificación e Fondos



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

CURSO FC11028 A xestión dos Fondos Feder-Fse 2007/2013 **Santiago de Compostela (2), 24 outubro a 9 novembro de 2011**

MÓDULO Axudas Públicas, 25 e 26 de outubro de 2011



Dirección Xeral de Planificación e Fondos
Servizo de Coordinación de Políticas Comunitarias

axudas@conselleriadefacenda.es